



**25
DE NOVIEMBRO
Día
Internacional
Para a Eliminación
da Violencia de
Xénero**

LAZO BRANCO NA TORRE DA HOMENAXE

PÚBLICO EN XERAL

Do **22 ao 30 de novembro** colocárase un gran **Lazo Branco na Torre da Homenaxe**, como símbolo de rexeitamento á violencia de xénero e en solidariedade coas vítimas.

MESA: EXPRESATE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

PÚBLICO EN XERAL

Colocación dunha **Mesa e Libro de Firmas na Casa do Concello do 24 ao 30 de novembro** onde a nosa veciñanza poderá expresar as súas manifestacións de repulsa contra a violencia de xénero.

OBRAIDOIRO: MURAIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Actividade dirixida a rapaces e rapazas de **5º de Educación Primaria** que se desenvolverá **dentro do horario escolar** ao longo do **mes de novembro** coa finalidade de sensibilizar e previr a violencia de xénero entre o alumnado.

OBRAIDOIRO: VIOLENCIA DE XÉNERO E O NOVO CONTEXTO DIXITAL

CENTROS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

O **xoves 27 de novembro** no **Salón de Actos da Casa da Cultura de 9:00 h. a 14:00 h.** Pantallas Amigas impartirá **tres sesións educativas** dirixidas ao alumnado de **4º da ESO** nas que se tratará o coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital.

OBRAIDOIRO: ENRED@NDO

INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

Obradoiro dirixido ao alumnado de **1º BAC** no que se reflexionará acerca das redes sociais e as novas formas de relación entre mozas e mozos, nun espazo virtual novidoso, onde se presentan novas manifestacións de amor nas que poden xurdir actitudes de violencia. Terá lugar o **luns 24 de novembro**, no **IES A Pinguela de 9:35 h a 11:10 h.**, no **IES Daviña Rei de 12:35 h. a 14:15 h.** e no **IES Río Cabe de 15:45 h. a 17:25 h.**

*ACTO CONMEMORATIVO DO 25 DE NOVIEMBRE

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

PÚBLICO EN XERAL

O **martes 25 de novembro, ás 12:00 h.**, na **Praza de España** procederase á **lectura dun Manifesto**, o **reparto de lazos brancos** e a **mostra dos Murais contra a violencia de xénero** realizados polo alumnado de **5º Educación Primaria** dos Centros Educativos.

*EXPOSICIÓN: DESCUBRE A NOSA REALIDADE!

PÚBLICO EN XERAL

Mostra fotográfica cedida por **ACADAR** (Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia) que procura a sensibilización para a identificación e prevención da violencia promovendo o sentimento de cidadanía e a necesidade de empoderamento das mulleres. Estará exposta na **Praza de España do 25 ao 29 de novembro**. A **inauguración** da Exposición terá lugar o **martes 25 de novembro ás 12:30 h.**, coa realización dunha **visita guiada**.

CHARLA - COLOQUIO: ENRED@NDO

PÚBLICO EN XERAL

O **martes 25 de novembro, ás 20:00 h.**, no **Salón de Actos da Casa da Cultura** celebrarase unha **Charla - Coloquio** na que participará a psicóloga **Paula Sánchez**, con ampla experiencia en igualdade de oportunidades e violencia de xénero e **Pablo Gómez**, experto en *marketing* e *community manager*, coa que se pretende xerar un espazo de debate e reflexión sobre os perigos derivados do mal uso que a mocidade fai das redes sociais e os riscos aos que ás veces se expoñen coa finalidade última de previr posibles situacións de violencia de xénero.

MESA DE COORDINACIÓN PARA A MELLORA DA ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

**PROFESIONAIS NO ÁMBITO DE INTERVENCIÓN
DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

O **venres 28 de novembro de 12:30 h. a 15:00 h.** na **Sala de Reunións do Centro de Saúde de Atención Primaria de Monforte de Lemos** daráselle continuidade á **sesión formativa** sobre as **novas formas de exercer a violencia de xénero a través do uso das novas tecnoloxías**. Posteriormente reunirase a **Mesa de Traballo** na que se tratarán os puntos sinalados na orde do día.

*OBRAIDOIRO DE ACCIÓN POÉTICA

PÚBLICO EN XERAL

Impartido pola poeta, actriz e directora artística **Sther F. Carrodegua**, no que a través dun traballo grupal se tratará sobre a creación poética e corporal. O citado Obradoiro terá lugar o **sábado 29 de novembro** no **Centro do Viño de 10:00 h. a 13:00 h.** Ao remate do mesmo na **Praza de España** presentaranse as **performances** creadas polas persoas participantes a carón da exposición fotográfica **Descubre a Nosa Realidade!** coa posterior **clausura dela**.

Prazas limitadas: as persoas que desexen inscribirse deben facelo no **teléfono 674 073 092** ou no enderezo electrónico **info@acadar.org**

*Se as condicións meteorolóxicas non o permiten, o Acto Conmemorativo do 25 de novembro e a Inauguración da Exposición celebraranse na Casa da Cultura, ao igual que o sábado 29 de novembro, a Presentación das performances do Obradoiro de Acción Poética e a clausura da Exposición realizaríanse no Centro do Viño.